

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 29/11/2019**

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITARÁ QUE OS PLENOS DO CONCELLO SE CELEBREN EN HORARIO MATINAL.

O ÚLTIMO PLENO COMEZOU Ás 19,30 E SUSPENDEUSE A MEDIA NOITE, QUEDANDO AÍNDA PENDENTES 3 MOCIÓNS, MÁIS ROGOS E PREGUNTAS.

FAISE IMPRESCINDIBLE UN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PLENO QUE REGULE TAMÉN AS XUNTAS DE PORTAVOCES.

Non pode ser que o Concello do Carballiño sexa unha excepción no que se considera o sentido común, celebrando os seus plenos en horario de tarde e mesmo nalgún caso en horario nocturno.

Non se están convocando os plenos de forma mensual o último mércores de cada mes e isto fai que se acumulen as mocións e peticións dos grupos da oposición; ademais a reiterada falta de contestación ás preguntas e peticións de información fai que unha simple petición dun informe téñase que transformar en moción, para evitar a falta de transparencia do grupo de goberno.

O último Pleno do día 28 de novembro tivo que finalizar sen ter rematado os asuntos da orde do día, polo que terán que tratarse no seguinte pleno que se convoque.

Soamente no período 2011-15, durante o mandato do PP, os plenos se celebraron de mañá, e o resultado foi óptimo, pois se terminaban a horas lóxicas que permitían tanto o traballo máis eficiente dos medios de comunicación como ter a administración en funcionamento nese momento, sen provocar que ningún traballador tivese que facer horas extras, favorecendo así a conciliación laboral tanto dos membros da corporación como dos traballadores/as.

Por outra banda, tendo en conta que non todos os grupos con representación política chegan a entender que os plenos se deben de facer de forma áxil, sen entrar en discursos baleiros de contido e moitas veces afastados do tema que se trata, faise imprescindible un regulamento para ao funcionamento do Pleno, tema que estamos en disposición de estudar e aceptar cando se nos presente, pois pensamos que á veciñanza débenselle de transmitir ideas, proxectos, iniciativas e conclusións o mais claras e concisas que se poida.

Ao mesmo tempo, de paso que se regula o pleno, esperamos que se regulen igualmente as xuntas de portavoces, inexistentes hoxe e que son imprescindibles para un mellor entendemento entre grupos políticos e nas que se poden solucionar moitos temas sen necesidade de levalos ao pleno.

Todo isto solicitámolo desde o Grupo Popular do Carballiño para, entre outras cousas, mostrarlle á veciñanza que os responsables políticos somos capaces de non seguir facendo o ridículo como corporación.